

## INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022-2023

### COMPLEMENTO DAS DITADAS CON DATA 14 DE FEBREIRO DE 2022

En relación co apartado 5.9 da instrución do 14 de febreiro de 2022, relativo “... a consideración de vítima de violencia de xénero (artigo 9.1.i) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente”, compre facer as seguintes aclaracións:

1. En primeiro lugar, en canto á forma de **acreditar a situación de violencia de xénero**, o artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, di:

*“Para os efectos da presente lei, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:*

*a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.*

*b) Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa o fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.*

*c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.*

*d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.*

*e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.*

*f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.*

*g) Calquera outras que se establezan regulamentariamente”.*

Polo tanto, calquera dos devanditos documentos son idóneos para acreditar a situación de violencia de xénero.

Hai que ter en conta que a letra g) admite calquera outro documento que se estableza regulamentariamente e non é posible facer unha enumeración exhaustiva, polo que en caso de que algunha persoa achegue outra documentación distinta da expresamente citada no artigo 5





da lei, debe examinarse tomando como referencia este artigo da lei e, en caso de que existan dúbidas respecto da súa idoneidade, consultar coa xefatura territorial.

2. Para establecer a eficacia dos documentos hai que ter en conta a data de efectos que conste no propio documento.

Cando o documento ou informe achegado non teña determinada a súa vixencia, terase en conta que fora adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os 12 meses inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.

Santiago de Compostela,

**O Director xeral de Centros e Recursos Humanos**

Jesús Manuel Álvarez Bértolo  
(*asinado dixitalmente*)

